

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**1784** *Orde DEF/110/2019, do 8 de febreiro, pola que se modifica a Orde DEF/1363/2016, do 28 de xullo, pola que se regulan a xornada e o réxime de horario habitual no lugar de destino dos membros das Forzas Armadas.*

O artigo 22.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, establece que a xornada de traballo dos militares será, con carácter xeral, a do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado. Igualmente, establece que o réxime de horario se adaptará ás necesidades operativas e ás derivadas do funcionamento das unidades e da prestación de gardas e servizos, tomando en consideración a dispoñibilidade permanente para o servizo a que se refire o número 1 do mencionado artigo, así como as normas e criterios relativos á conciliación da vida profesional, persoal e familiar que se recollen na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Consecuentemente, mediante a promulgación da Orde DEF/1363/2016, do 28 de xullo, reguláronse a xornada e o réxime de horario habitual no lugar de destino dos membros das Forzas Armadas.

Por outra parte, o artigo 5 da Lei 39/2007, da carreira militar, sinala que os principios e normas de aplicación xeral ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, establecidos no Estatuto básico do empregado público, se incorporarán ao réxime do persoal militar profesional, sempre que non contradigan a súa lexislación específica, por medio de normas regulamentarias nas cales se efectuarán as adaptacións debidas á condición militar.

A experiencia adquirida desde a promulgación da Orde DEF/1363/2016 e certas modificacións introducidas para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado aconsellan a súa modificación en aspectos que favorecen a conciliación profesional, persoal e familiar dos membros das Forzas Armadas referidos, entre outros, á flexibilidade horaria, á xornada intensiva, ao disfrute dos descansos adicionais e aos descansos por operacións no exterior en que se fixan criterios xerais.

Durante a súa tramitación, o proxecto desta orde ministerial foi obxecto de informe por parte das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49. 1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre el.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde DEF/1363/2016, do 28 de xullo, pola que se regulan a xornada e o réxime de horario habitual no lugar de destino dos membros das forzas armadas.*

A Orde DEF/1363/2016, do 28 de xullo, pola que se regulan a xornada e o réxime de horario habitual no lugar de destino dos membros das Forzas Armadas, queda modificada da seguinte maneira:

Un. O número 7 do artigo 3 queda redactado como segue:

«7. O período de instrución continuada é o dedicado ao adestramento da unidade cunha duración de, polo menos, 24 horas, realizado dentro ou fóra da base ou do acuartelamento.»

Dous. O número 4 do artigo 4 queda redactado como segue:

«4. A aplicación do criterio de necesidades do servizo farase sempre de forma xustificada, motivada e individualizada e tomando en consideración o dereito ás medidas de conciliación da vida profesional, persoal e familiar e os seus criterios de aplicación. En todo caso, comunicárase ao militar afectado a decisión adoptada por escrito e a súa vixencia manterase mentres persistan as circunstancias que condicionen a situación.»

Tres. Os números 1 e 5 do artigo 5 quedan redactados como segue:

«1. A duración da xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, equivalente a mil seiscentas corenta e dúas horas anuais ou a que en cada momento se prevexa nas instrucións sobre xornada e horario de traballo do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.»

«5. O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire poderán fixar, no ámbito das súas respectivas competencias, horarios diferentes e adaptados ás necesidades específicas das unidades, que poderán incluír o desenvolvemento por parte do persoal nelas destinado dunha xornada de traballo en réxime fixo ou en réxime de quendas. Para este réxime definiranse os medios humanos suficientes que garantan o bo funcionamento da unidade para o cumprimento das horas anuais establecidas no réxime xeral. Tamén poderán establecer, fóra dos horarios sinalados, os servizos necesarios para garantir o exercicio do mando, a dirección e o control.»

Catro. Os números 2, 3 e 4 do artigo 8 pasan a enumerarse como 4, 5 e 6 e engádense dous novos números, o 2 e o 3, coa seguinte redacción:

«2. Os militares que fosen declarados aptos con limitacións terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria a parte fixa do horario da xornada que teñan establecida, cando sexa necesario por prescrición médica, debidamente documentada, e sempre que non sexa posible atender as necesidades derivadas da súa condición fóra do horario habitual de traballo.

3. Os militares vítimas de violencia doméstica, para facer efectiva a súa protección integral ou as medidas de asistencia e protección social, terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria a parte fixa do horario da xornada que teñan establecida. Para estes efectos, a acreditación da condición de vítima realizarase mediante copia de sentenza firme, orde de protección prevista na Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, ou excepcionalmente, até que se dite orde de protección, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que o militar interesado é vítima de violencia doméstica.»

Cinco. Dáse unha nova redacción ao número 3 do artigo 9, que queda da seguinte maneira:

«3. Por motivos de conciliación da vida familiar e profesional, os militares con fillos, descendentes ou persoas suxeitas á súa tutela ou acollemento de até 12 anos de idade, ou sen límite de idade no suposto de discapacidade superior ou igual ao 33 % dos anteriores, e sempre que convivan co solicitante e dependan deste, estando ao seu cargo, poderán acollerse a esta modalidade de xornada intensiva desde o 1 de xuño e até o 30 de setembro. Este dereito poderá exercerse tamén no ano en que o menor faga a idade de 12 anos.»

Seis. Modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 11 e introdúcese un novo número 4 bis, que queda coa seguinte redacción:

«2. Pola realización daquelas gardas ou actividades con duración inferior a 24 horas ininterrompidas de actividade e que supoñan un incremento da xornada ou se

realizasen en fin de semana ou festivo, o militar terá dereito a desfrutar do descanso adicional que determine o xefe de unidade en función da súa duración e que será inferior a un día de descanso.

3. Pola realización de actividades que supoñan varios días de ausencia da localidade de destino, distintas ás que se determinan na disposición derradeira segunda, tamén se terá dereito a desfrutar ao seu regreso do descanso adicional que determine o xefe de unidade en función da duración das ditas actividades.

4. En calquera caso, pola realización de gardas, servizos, instrucións continuadas, exercicios ou actividades análogas, reguladas nos números 1 e 3 do presente artigo, o militar terá dereito a desfrutar até un máximo de 10 días de descanso adicional ao ano, que serán concedidos polo xefe de unidade, preferentemente durante os períodos de baixa actividade da unidade e atendendo ás necesidades do servizo, tendo como referencia o dereito ás medidas de conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

4 bis. Nos casos en que o militar realice unha garda ou servizo e deba estar localizado e se requira a súa actuación e esta se produza efectivamente e se requira a súa incorporación no lugar de destino e fóra do horario habitual de traballo, desfrutase do descanso establecido no número 1 ou 2 deste artigo en función da duración da actividade computada desde a súa incorporación ao destino e a súa saída deste.»

Sete. Modifícase a disposición derradeira cuarta, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira cuarta. *Operacións.*

1. O xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas competencias, regularán a concesión e desfrute dos descansos do persoal militar que participe en operacións no exterior.

2. A regulación dos descansos de fin de misión terá en conta a duración total da misión e se se desfrutou de descanso de metade de misión, estes últimos autorizados cando o tempo de participación do militar na misión se preveña de máis de seis meses con carácter xeral.

3. En calquera caso, os descansos de fin de misión non serán inferiores ao número de días festivos e non hábiles permanecidos en zonas de operacións. En todo caso, o conxunto de días de descanso a que se teña dereito contabilizarase en días naturais.

4. Nos descansos de fin de misión poderá aprazarse o seu desfrute co obxecto de asegurar a operatividade da unidade, o mantemento da propia instrución e adestramento e o mantemento do buque. O momento de desfrute destes descansos, motivado polas necesidades do servizo, adaptarase ás características propias do destino e ás exixencias de dispoñibilidade.»

Oito. Engádese un segundo parágrafo ao número 1 da disposición derradeira quinta, coa seguinte redacción:

«En relación co artigo 9 o subsecretario de Defensa poderá establecer períodos adicionais de xornada intensiva coincidentes con períodos de vacacións escolares.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de febreiro de 2019.—A ministra de Defensa, Margarita Robles Fernández.